

Páxina de autor | Manuel Forcadela

Xentes con saudade

O PASADO venres remataba en Tui o Congreso Álvarez Blázquez, organizado pola Real Academia Galega, que servía, á súa vez, de colofón ás innúmeras celebracións levadas a cabo ao longo do presente ano por toda a xeografía do país –tamén no estranxeiro– para honrar a figura e a obra de quen foi autor, editor, arqueólogo, historiador, coleccionista, curioso impenitente, loitador anti-franquista... Como resultado deste arduo labor, que trouxo consigo unha eficaz indagación non só na obra, mais tamén na existencia, do ilustre tudense radicado en Vigo, fica unha imaxe moito máis depurada, sen dúbida moito máis próxima ao que foi en realidade, e non por iso exenta de complexidade, de contradicións, de vivacidade, de enxeño. Revisando a Álvarez Blázquez soubemos moito máis sobre nós mesmos e, xa fechadas as celebracións e os fastos, ímonos con sensación de termos aprendido a lección de quen levou a cabo, contra vento e marea, unha eficaz revolta contra a cultura oficial e instituída, contra o réxime de oprobio que pesaba sobre as nosas vidas, botando man de ferramentas tan simples como a palabra, o libro, a investigación, a imaxinación.

Axiña comece o novo ano iniciaranse os fastos para conmemorar a outro home singular, acaso máis controvertido, máis enchido de arestas de sombra que moitos tentarán iluminar: Ramón Piñeiro. Ambos os dous, Xosé María e Ramón, habitaron a mesma idade, ocuparon o mesmo país, e, porén, mantiveron unha certa distancia. Castrelos –primeiro Monterrei– e Galaxia foron entidades editoriais e produtoras de cultura ben diferenciadas. E, aínda que finalmente rematasen fusionándose, coa compra pola segunda dos fondos da primeira, un repaso ás súas actividades ao longo das décadas dos sesenta e dos setenta, permite evidenciar os seus contrastes, aínda que tamén a súa complementariedade. Cando unha era clásica a outra tornábase moderna, cando unha se facía erudita a outra viraba popular, como se nese xogo de polarizacións das funcións culturais que foron asumindo quixesen dar conta dun país dinámico, enchido de vigor, de forza, á procura da súa plenitude. As dúas editoriais –os dous homenaxeados– resultan a día de hoxe imprescindibles para comprendermos o país que temos. Sen elas, seríamos certamente outra cousa. Moito do noso alento intelectual, do noso imaxinario actual, saíu deses despachos en que xentes entregadas ao país e á súa cultura elaboraron produtos ben diversos, sempre coa vontade de manter viva a chama dunha galeguidade que heredaran das xeracións precedentes.

“Queiramos ou non, sempre seremos substancialmente románticos. Por iso necesitamos a fe acesa dos altos ideais para que a vida teña sentido, e para que a nosa alma arda nunha labarada de entusiasmo”, escribíalle Piñeiro a Francisco Fernández del Riego a principios dos anos cincuenta. E ese entusiasmo romántico foi xerando proxectos tan diversos como a Editorial Galaxia, a Fundación Penzol, o Patronato Rosalía de Castro, a Fundación Otero Pedrayo, o Día das Letras Galegas... Piñeiro era, ademais, un home humilde e meditativo que tentou evitar o culto á súa personalidade e que, en numerosas ocasións, manifestou as súas reservas sobre o verdadeiro valor dos textos que producía, sabedor de que acaso o seu maior valor era o de ser un político na sombra, un guerrilleiro munido de letras e palabras empeñado en dar conta dos terribles danos que o franquismo ía causar en Galicia. “Acabo de rematar o meu ensaio sobre a saudade. Como sempre me ocorre cando remato algún traballo, sinto temor de que seña unha tontería”, dicíalle noutra carta a Del Riego, anos despois.

Os temas de debate están xa dispostos sobre a mesa: a liquidación do Partido Galeguista no interior; a súa substitución por esoutro Partido Galeguista Culturalista en que se converteu o núcleo que el lideraba, xunto con Domingo García-Sabell, con Ricardo Carballo Calero, con Celestino Fernández de la Vega; o entrismo nos partidos estatais para consolidar o galeguismo como unha opción política suprapartidaria; o anticomunismo; o elitismo... Agárdannos días, meses, de debate intenso. As polémicas que Piñeiro xerou ao longo da súa existencia seguen vivas unha década despois da súa morte. E este país precisa dirimir moitos deses interrogantes, moitas desas polémicas, en ocasións interesadas, en ocasións inútiles. Haberá quen o xulgue culpable e haberá quen o xulgue inocente. E no fondo sempre se manterá un escuro interrogante: estaba este país, Galicia, preparado para outra cousa? ●

